



José Antonio Souto Paz

“O magro orzamento non permitía facer investimentos”

A José Antonio Souto Paz correspondeulle ser o primeiro Alcalde democrático nuns momentos moi difíciles e, aínda que o seu paso pola alcaldía foi breve, deixou un excelente recordo tanto nos seus compañeiros de Corporación como no resto da cidadanía.

Que motivos o levaron a asumir a responsabilidade da alcaldía?

A transición política só se pode comprender desde a gran mobilización cidadá que supuxo a saída dunha ditadura e a esperanza de asentarnos nunha democracia avanzada. Así, a grande operación política realizada co consenso dos diferentes grupos políticos, baixo a autoridade do Rei e o acerto do Goberno de Adolfo Suárez, estivo sustentada na vontade decidida da cidadanía de acadar unha convivencia democrática pacífica. Nese contexto, moitos cidadáns decidiron participar activamente nesa operación política, o que explica que, aquí en Galicia, un grupo de cidadáns de perfil centrista decidísemos crear un partido político, o Partido Galego Independente, que nas primeiras eleccións xerais de 1977 se incorporou á Coalición electoral de UCD. No primeiro Congreso do Partido, sen o meu coñecemento, fun elixido presidente e, quizais por ese motivo, ofrecéronme ser candidato ao Congreso dos Deputados e ao Senado nesas primeiras eleccións xerais. Como neses momentos non era a miña intención acceder a cargos públicos de natureza política, agradeceín a oferta pero declineina. Cando se anunciaron as eleccións municipais para a primavera de 1979, algúns dirixentes locais de UCD, convertido xa en partido político e ao que eu non pertencía, pensaron en min para encabezar a lista municipal de UCD. Durante varios meses declinei aceptar a oferta pero, ante a insistencia dos propoñentes e a negativa doutros candidatos alternativos aos que se lle ofreceu a candidatura, acabei reconsiderando a miña postura e aceptei a oferta.

En que situación se atopaba o Concello

naqueles momentos? Refírome á situación económica, aos principais problemas que tivo que afrontar ou aos cambios que tivo que introducir.

Os concellos durante o réxime franquista constituían o último elo da Administración do Estado coa conseguinte dependencia xerárquica, funcional e económica. Esta situación explica a ausencia total de autonomía municipal e, tamén, o déficit financeiro, de equipamentos e de servizos que atopamos as primeiras corporacións democráticas ao incorporarnos á xestión municipal. O magro orzamento municipal non permitía facer investimentos, pero tampouco era suficiente para abonar os gastos correntes, o que deu lugar a que as débedas municipais cos subministradores –electricidade, auga, farmacia, etc.–, fosen endémicas. Foi preciso adecuar o orzamento municipal ás necesidades primarias e xerar os ingresos necesarios para cadrar o orzamento. Por outra banda, fíxose urxente buscar os recursos necesarios para que puidesen funcionar adecuadamente algúns servizos fundamentais: policía local, bombeiros, atender as necesidades dos barrios, etc. É importante recordar que a lei pola que se rexeron os municipios, nesa primeira etapa, era preconstitucional e aínda que se eliminaron algúns preceptos manifestamente inconstitucionais, os principios que inspiraban a lexislación descoñecían a autonomía local e a capacidade municipal para unha xestión económica autónoma suficiente para atender as necesidades da cidade.

Como era o traballo ordinario da corporación naqueles momentos?

Os concelleiros elixidos polos nosos concidadáns accedemos á corporación municipal coa ilusión de estrear a democracia, coa ambición de converter Santiago nunha cidade amable na súa contorna, próspera no seu desenvolvemento cultural, social e económico, capital na construción de Galicia e instrumento útil na recuperación da dimensión internacional da cidade. Estas ideas compartidas por todos fixeron que os concelleiros, desde posicións ideolóxicas moi diversas, se dedicasen con grande esforzo a traballar nas comisións (ordinarias e permanente) e no pleno sen recibir ningunha retribución, dado que a situación económica do Concello non permitía ningún incremento do gasto. Malia estas limitacións orzamentarias, case todos os con-

celleiros aceptaron asumir un traballo en- gado: desempeñar unha delegación da alcaldía nun área de actividade concreta. O que podería parecer unha anomalía no funcionamento político goberno-oposición, converteuse nunha realidade cotiá, na que todos prestaron os seus mellores esforzos en servir á cidade desinteresadamente desde as tarefas encomendadas. O pleno, en cambio, serviu para escenificar as posicións ideolóxicas dos diferentes grupos políticos, é dicir, para facer política partidaria.

Naquel momento había moitos máis grupos políticos con representación que na actualidade. Como eran as relacións entre eles?

Se a memoria non me falla, había seis grupos municipais, pero dado que varios eran coalicións (Unidade Galega, Alianza Popular, o Bloque), o número de partidos representados na corporación municipal alcanzaba o número de once. Aínda que cada grupo tiña que defender a súa identidade e facer chegar aos seus votantes o traballo que realizaban no Concello, o certo é que o ambiente de cordialidade e a boa relación incrementou a medida que pasaba o tempo e, cando concluíu o seu mandato, tivemos a oportunidade de comprobar que se estableceron relacións de amizade e cordialidade verdadeiramente exemplares que aínda hoxe perduran.

Como era Compostela naqueles anos?

Durante séculos a vida local xirou arredor de dous referentes: a catedral e a Universidade. O avance económico dos anos sesenta cambiou lentamente a fisionomía da cidade cunha tímida urxencia do sector industrial e un maior desenvolvemento do comercio e do turismo. Simultaneamente se iniciou o transvasamento da vida cotiá da zona monumental ao Ensanche, tan criticado urbanisticamente como poboado e vivido durante ese novo período. O incremento de estudantes universitarios deixouse sentir nese novo ambiente, así como nos novos edificios universitarios, situados na súa maior parte no campus universitario. O pulso da cidade acompasouse ao novo ritmo da nacente democracia e das liberdades recobradas. O incremento do turismo supuxo, igualmente, unha importante chegada ao desenvolvemento económico da cidade, pero moi afastado do que alcanzou na actualidade.

Que balance faría dos seus anos de xestión en Raxoi?

Penso que entre todos conseguimos normalizar a convivencia e o pluralismo democrático, mellorar a situación económica e a prestación de servizos, planificar o desenvolvemento da cidade a longo prazo e, sobre todo, facer unha transición suave e sen traumas cara á xestión municipal autónoma e democrática. Non puidemos cumprir moitas das propostas que estaban presentes no noso programa electoral, pero vin con satisfacción que o lograron outras corporacións e que, na actualidade, Santiago é unha cidade que recuperou a súa posición internacional, mellorou extraordinariamente as súas infraestruturas, soubo combinar a cidade monumental coa arquitectura máis modernista, racionalizouse o desenvolvemento urbanístico e consolidouse como a capital de Galicia. Cando un ve realizado ao cabo dos anos o que puido soñar na súa xestión para a súa cidade, a satisfacción é tan grande coma se o fixese persoalmente, aínda que loxicamente o mérito sexa doutros.

Por que aspectos lle gustaría ser recordado?

Como un cidadán que, nun momento difícil e, ao mesmo tempo, moi atractivo, se puxo ao servizo da cidade e procurou cumprir coa misión encomendada con lealdade, dedicación e liberalidade, é dicir, tal e como o entendían os clásicos, co rigor esixido a un xestor de intereses alleos e sen ánimo de lucro.

Podería recordarnos algunha anécdota que lle ocorreu durante os seus anos en Raxoi?

Nos primeiros días do meu mandato, mentres camiñaba por unha rúa da zona monumental, observei que se rompeu un cano e saía auga abundantemente. Regresei ao Concello e chamei o responsable do servizo para que ordenase a rápida reparación da avaría. Para a miña sorpresa, contestoume que non se podía porque non había persoal nin había cemento. O persoal da Brigada de obras constaba de tres persoas: unha estaba enferma de longa duración, outra estaba de curta duración e a terceira atopábase de vacacións. “Pois, entón, vostede mesmo”, dixeran. “É que non hai cemento!”. “Cómproo”. “Non hai diñeiro”. “Que llo fíen”. “Ao Concello non lle fía ninguén...”. A avaría arranxouse, aín-

Marcial Castro Guerra



Marcial Castro nun acto oficial

Marcial Castro Guerra foi o segundo alcalde da democracia en Compostela, cando aínda todo estaba por facer. Chegou ó Goberno nas listas da UCD na primeira corporación democrática e relevou a Souto Paz tras a súa dimisión no 1981 ata completar o mandato dous anos máis tarde.

“Non quixen ceder ás presións para entregar o Pazo de Raxoi á nova Xunta”

Cales foron os seus pasos para chegar ao Concello?

Eu nunca me metera en ningunha actividade política ata despois de aprobada a Constitución. Nas primeiras eleccións democráticas de 1979 faláronme da posibilidade de presentarme e pareceume ben participar, porque era moi novidoso e moi ilusionante. Atopei un grupo de persoas que estaban imbuídas do mesmo sentimento ca min, independentemente do partido político no que militasen. Eramos idealistas, e entramos no Concello co afán de facer algo pola nosa cidade e sen beneficio ningún, porque non iamos cobrar. De feito, pasou tempo antes de que recibir un soldo de apenas 15.000 pesetas, e dábanos case vergoña entrar nesa dinámica de cobrarlle os nosos servizos á cidade. Eu estaba daquela nun partido moi importante, UCD, que foi o que fixo a transición, pero foise a pique por un exceso de facer a democracia de protagonismo; había demasiados arquitectos e moi poucos peóns para facer a obra. Fomos dez os primeiros compoñentes da primeira corporación.

Como atoparon o Concello?

Parecía máis ben do século XIX que de finais do XX. Non había ingresos e tiñase medo a incrementalos. Creo recordar que o presuposto era duns 400 millóns de pesetas, e ademais de que era raquítrico, había débedas coos provedores. É dicir, que no aspecto económico era insostible. Porén, a realidade é que a primeira corporación democrática salvou a situación, puxo ao día as contas e cedeulle á segunda corporación un Concello saneado. Ademais, todos os concelleiros tiñan algunha delegación da alcaldía, algo que non volveu repetirse.

Non tiñamos dedicación exclusiva ningún, nin o alcalde, e non cobrabamos nada, aínda que despois do primeiro ano empezamos a percibir algo en concepto de dietas. Os plenos eran tremendos, porque había unha gran cantidade de grupos, e cada un levaba as súas razóns políticas. Había auténticas liortas dialécticas nos plenos. Levábamonos ben, pero eramos adversarios, e tiñamos claramente unhas fronteiras moi definidas. O curioso é que tamén iso, co concurso do tempo, foi diminuíndo, e na corporación acabamos todos sendo amigos. Rematado o mandato fixemos unha cea á que asistiron todos, todos, os concelleiros.

Como lembra a cidade daquela época?

Tiña tres zonas absolutamente diferenciadas: a cidade histórica, o Ensanche e os barrios. Era máis pequeno, coñecíamnos todos, porque aínda que en realidade, desde o punto de vista censual non creceu moito, antes a xente que traballaba en Santiago vivía aquí, e hoxe moita, un terzo polo menos, faino nos municipios da contorna.

Cando se produciu a súa entrada na alcaldía?

Ao marchar Souto Paz no 1981, fun elixido alcalde co voto unánime dos meus compañeiros de grupo. Durante este tempo ocorreron en Santiago moitas e moi importantes cousas. Por exemplo, a capitalidade au-

tonómica estableceuse nese momento. Aínda lembro a tremenda batalla que establecera A Coruña, e á que respondemos moi ben, precisamente non entrando na batalla. Foi Galicia quen decidiu que a capitalidade residise en Santiago. Custoume traballo en determinados momentos porque había xente na corporación que quería entrar tamén na guerra porque o alcalde da Coruña insultara a Santiago. Pero nós adaptámonos ao que Galicia dispuxese. Tamén naquel mandato, aínda en tempos de Souto Paz, nos colleu o 23-F, e o alcalde e uns cantos concelleiros pasamos a noite no Concello porque consideramos que era a nosa obriga. Outro acontecemento importante foi a visita de Xoán Pablo II, a primeira vez que un Papa viña a España, e pechou a súa viaxe en Santiago. Por certo, que me vén á memoria que aí unha parte da corporación non se portou, e por un voto non conseguimos aprobar no pleno unha axuda dun millón de pesetas que nos pedira o arcebispo para colaborar no financiamento da visita. Nestes anos tamén se inaugurou a depuradora de augas residuais e o primeiro pavillón polideportivo, o de Santa Isabel, a ampliación da estrada de circunvalación, a reurbanización da praza de Galicia, e empezouse o Plan Xeral, sen esquecer o Ano Santo, no que se produciu un considerable incremento no número de peregrinos. Dentro da limitación de medios conseguíronse facer grandes cousas.

Algún problema especial ou importante que o marcasse?

Varios, pero por exemplo, recordo un. Como todos estábamos tan contentos de que a Xunta quedase aquí, había xente que esaxeraba a nota, e empecei a recibir unha serie de presións para que lle cedésemos o Pazo de Raxoi ao Goberno autonómico. A min aquilo non me pareceu ben porque, nós a quen representamos? Á cidade. E que cousa máis representativa da cidade que o Pazo de Raxoi? O cal non quere dicir que non colaborem ao máximo coa

Xunta, como así fixemos. Ao final, o acordo que se adoptou foi que lles cedemos a parte dereita, pero sen que aquilo deixase de ser o edificio representativo municipal. Despois, ninguén volveu falar do asunto, o que quere dicir que a decisión non era mala.

Quedoulle algo pendente, algún asunto que non puido solucionar?

Home, só estiven dous anos. O que pasa é que despois entrou Xerardo Estévez, e con máis tempo fixo cousas que, eu desde fóra, quedei encantado de que se fixesen. Algunhas puideron gustarme menos, pero en xeral, creo que se avanzou a medida que foron pasando as corporacións e que Santiago hoxe está máis dotado con infraestruturas moito mellores, sen que iso signifique que está todo feito.

De que aspecto se sente máis satisfeito?

De todo, porque creo que cada cousa ten o seu aquel. A capitalidade foi quizais o máis importante, e a consolidación da Constitución porque, repito, ao principio tivemos un embate contra ela, o 23-F, que pouco faltou para levala por diante. Algo moi importante durante o tempo que tiven a honra de ser alcalde foi a concesión a Santiago da Bandeira de Honor do Consello de Europa, e que foi o xermolo, a orixe da protección europea do Camiño e de todos os restantes recoñecementos. Tamén recordo intentar algo que entendín que ía ser moi importante, a creación dunha especie de consorcio de cidades cun patrimonio histórico importante, e convocáramos unhas reunións cos alcaldes de Toledo, Salamanca, Cáceres, Granada e Santiago. Foi unha idea miña, co obxectivo de solicitar axudas para estas cidades que, cun enorme patrimonio, non eran capaces de mantelo cos seus ingresos normais. O grupo constituíuse comigo e pola miña iniciativa.

Ernesto Viéitez Cortizo



Xerardo Estévez Fernández, Marcial Castro Guerra, Xosé A. Sánchez Bugallo e Ernesto Viéitez Cortizo

“Quixen converter As Hortas nunha praza, pero non foi posible”

O período de goberno de Ernesto Viéitez Cortizo foi un dos máis breves destes trinta anos de corporacións democráticas. Cabeza de lista de AP no ano 1983 accedeu á alcaldía logo da moción de censura presentada xunto coa UCD a Xerardo Estévez no 1986 pero non volveu presentarse ás eleccións do ano seguinte.

Que razóns o levou a presentarse ás eleccións municipais?

Iso pregunteimo eu moitas veces, e por que. Podo dicirlle que durante case seis meses estiveron a presionarme constantemente para que aceptase a proposta de ir de número un polo partido que daquela se chamaba Alianza Popular. Total, que acabei rendéndome e consecuencia diso foi a miña aparición na vida pública. Presenteime a unhas eleccións nas que o pobo de Santiago me votou a min preferentemente, pero despois as circunstancias provocaron que ocupase a alcaldía Xerardo Estévez. A vida municipal era un mundo novo. Vaia por diante que teño que dicir que para min foi unha honra moi grande ser alcalde de Santiago. Recordo como curiosidade que a primeira visita que recibín foi a do embaixador de Canadá, e que a prensa recolleu aquela visita destacando “o alcalde recibe en inglés o embaixador de Canadá”.

Como lembra o funcionamento da vida municipal?

En xeral, había moito traballo, pero bastante de rutina. Afortunadamente, contaba cun secretario, un interventor e un depositario de fondos, todo un equipo que era realmente excepcional, que facilitaba o labor de forma extraordinaria. E as relacións co resto da corporación eu diría que eran boas. Relacións moi fluídas. Daquela non había máis que dous ou tres partidos con representación no Concello. Hai que ter en con-

ta que Santiago non era nin moito menos o que é agora. Era unha cidade que aspiraba sempre a máis e que polas súas características sempre atraeu o interese nacional e internacional, pero era unha cidade pequena.

Segue a manter relación cos seus compañeiros da época?

Non. A miña vida seguiu por outros camiños, dediqueime á miña carreira profesional, a investigación. Tiven moi boas relacións cando estaba no Concello, pero despois non houbo ocasión de continuas, máis alá das homenaxes que se fan todos os anos.

Cal foi o problema máis importante que tivo que afrontar? Que aspecto destacaría do seu mandato?

Houbo algúns problemas, naturalmente. Quizais certas relacións que crearon algunha dificultade innecesaria, e diría que no seo do propio grupo político ao que pertencía. No demais non houbo grandes problemas. Como dixen, tiña un grupo de moi bos profesionais e daquela boa parte do traballo chegaba xa preparado. Eu tomaba as decisións tranquilamente porque tiña plena confianza nos informes que me proporcionaban. O aspecto máis importante para min, eu diría que foi o feito de ser alcalde de Santiago. Tiven moitas actividades na miña vida, algunhas internacionais, pero entre todas, digo con orgullo que foi ser alcalde desta cidade. A experiencia foi satisfactoria, pero non quixen repetir. Decateime de que non era o meu camiño. Cada un ten o seu

nesta vida, e preferín elixir outro. Recordo que cando accedín ao cargo un xornal puxo na súa cabeceira: “Viéitez Cortizo, sin proponérselo, va a ser alcalde”, creo que resume perfectamente aquela realidade, porque estaba alleo a aquel mundo. Agora, arrepíntome? Non, nin moito menos, porque me permitiu coñecer moitas cousas de Santiago que doutra forma non coñecería. Permitiume facer moitas amizades que doutra forma non faría. Realmente foi positivo, non para arrepentirse, senón para estar contento. Pero, ¿repetiría? Non. Prefiro a miña carreira profesional, e quedarme co orgullo de contribuir ao desenvolvemento da cidade.

Quedoulle algún aspecto pendente?

A verdade é que non tiven demasiado tempo. Gañei unhas eleccións, pero atrasaron ata o máximo o momento da miña posesión, así que o meu mandato foi un espazo moi curto. Iso si, quedome pena por non poder desenvolver o meu proxecto para o espazo das Hortas. A miña idea era convertela nunha praza, a quinta praza da zona. Contaba co apoio unánime de todos os veciños, pero ao final non se puido levar a cabo porque ma torpedearon e acabou. Esas cousas que ás veces hai intereses ocultos. Facíame moita ilusión ver toda aquela parte abandonada, que estaba feita unha porcallada, transformada nunha praza pública, e aos veciños cónstame que tamén, pero desgraciadamente non puido ser.



Xerardo Estévez Fernández

“Estou moi orgulloso de todos os proxectos desenvolvidos”

Xerardo-Denis Estévez Fernández naceu en Santiago de Compostela en 1948. Estudou Arquitectura e Socioloxía en Barcelona e ao seu regreso entrou en contacto co contexto político municipal, onde permaneceu desde a primeira corporación democrática de 1979 ata o ano 98. Durante os seus mandatos, a cidade rexistrou un notable impulso no terreo urbanístico, na actividade cultural e na proxección internacional de Santiago e o seu Camiño.

Que recordo ten da súa entrada no Pazo de Raxoi?

Eu entrara como concelleiro aos vinte e nove anos. Trabamos unha grande amizade naquela corporación entre todos os grupos políticos, con debates moi ideolóxicos, pero cunha grande amizade, e teño un gran recordo de todos. José Antonio Souto Paz foi o primeiro alcalde, e tivo un perfil ideal para o posto. Era un gran demócrata, e fixo un goberno de concentración, no que cada concelleiro tiña unha responsabilidade. José Antonio vaise e entra Marcial Castro, que cumpre un papel importante co Ano Santo.

Como tomou a decisión de presentarse á alcaldía?

Cando se marcha José Antonio, que era amigo meu, voume eu tamén, pretendendo non volver, e entro no Parlamento galego. Pero reclámanme, preséntome e o día da elección de alcalde vou con dous discursos: o de gañar, no peto dereito, e o de perder no da esquerda. Eu non sabía se os dous votos do Partido Demócrata Liberal me ían apoiar. Un sabíao, o de Marcial, e o outro non, e hoxe en día non sei quen foi, pero votoume. Non me equivoquei e lin o discurso de alcalde. Despois deixei a alcaldía, e volví nas seguintes eleccións con maioría absoluta. Repetí outra vez, tamén con maioría absoluta, e nas seguintes eleccións perdina.

Como eran as corporacións de entón?

Había moitos máis grupos dos que hai agora, pero moi bo ambiente. Home, moi tenso, moi ideolóxico, pero moi, moi bo. A esquerda tiña un discurso máis reivindicativo, e a UCD un discurso máis de goberno. Nós pensabamos que tiña que producirse unha ruptura democrática no Concello, entre o que fora e o que era. A UCD víao como unha cousa máis continuista, malia que era claramente antifranquista. Pero aos tres ou catro meses de entrar como concelleiro dinme conta de que eses discursos ideolóxicos non tiñan sentido, e deseguido púxenme a traballar na Delegación de Parques e Xardíns, que tiña algo que ver coa arquitectura, e que me entusiasinou. Nas seguintes eleccións os cidadáns premiáronnos, e pasamos de tres concelleiros a dez, e traballei cun grande entusiasmo.

En que situación se atopaba o Concello?

Facía falta de todo. Dirasme, ¿era todo culpa da ditadura? Home, eu imaxínome que habería concelleiros que dedicaron entusiasmo e tempo, pero é que non había un peso. A situación política era mala, porque falamos xa do tardo-tardo franquismo, polo tanto, xa sabían que se ían, e non había un peso. Os orzamentos paréceme que eran, no ano 1979, sobre cincuenta millóns de pesetas. Non había con que pagar as nóminas. Foi un pouco remangarnos e poñernos ao choio. Había uns debates acalorados no pleno, pero á saída, pinchos, comidas, reunións, encontros bilaterais. Aquilo foi como unha engrenaxe que se foi facendo, e fomos todos adaptándonos aos nosos condicionantes, ao pensamento. O Concello era unha UCI. Se estás nunha UCI ou nun cuartel de bombeiros, non estás para florituras, a ver se o traxe está ben colocado ou non. Se estamos ante unha situación de urxencia, pois ao choio e acabouse. Esta foi a consigna, ao choio.

Cales foron os seus primeiros proxectos cando accedeu á alcaldía?

No 83, cando entrei de alcalde, empecei a pensar que a cidade necesitaba un Plan Xeral. Eu escribino moito, dixera moito, que as cidades non crecen ben sen un Plan Xeral, pero nesa lexislatura non houbo posibilidade de redactalo,

porque foi un tempo moi inestable e non tiña maioría absoluta, foi o momento da moción de censura, da que prefiro non falar, porque hoxe en día son os meus amigos, e é un episodio que xa pasou. En 1989, coa maioría absoluta, tivemos claro: Santiago necesita tres patas, un Plan Xeral, estruturas administrativas superiores ao Concello, que é cando nace o Consorcio, e, a terceira pata, o Camiño de Santiago. Eu tiña o interese polo Camiño desde a primeira corporación, e montamos o triunvirato de Marcelino Oreja, Javier Solana e eu. Tanto é así, que cando eu deixo a alcaldía pola moción de censura, o Ministerio noméame asesor para toda España do Camiño de Santiago, e facemos un libro que agora quero publicar, entre Serafín Moralejo, Manuel Díaz e Díaz, José Carlos Val, Fernando López Alsina e José Carlos Sierra. Facemos un libro no que afrontamos desde distintas facetas para tratar de explicar como había que entender no século XXI o Camiño de Santiago. Imos desenvolvendo plans estratéxicos e situándoos en función dos anos santos para desenvolver as directrices urbanísticas e económicas do Plan Xeral.



Toma de posesión



Delegado rexio no Día do Apóstolo

O Palacio de Congressos, o Auditorio, o periférico ou o hospital non estaban onde se lle ocorreu ao alcalde, senón onde o Plan Xeral dicía que debían de estar. Cando iamos vernos cos de Madrid ou con Fraga e cando nos preguntaban que queredes facer, podíamos dicir quero isto. E para conseguilo montamos un *lobby* que tiña dúas partes: unha era directamente Felipe González, Javier Solana e Pepe Borrell, a Moncloa, directamente implicada, e a outra unha relación institucional con Fraga realmente excelente. Como Fraga –criticaban os seus– fai o que lle di o alcalde? E Fraga supoño que pensaría por que o Concello é o que me trae as propostas máis razoables. Eran un lobby nacional, outro autonómico e outro internacional. Eu empecei a viaxar por toda Europa, a percorrer o Camiño á inversa, de Santiago cara a Estrasburgo, de Santiago a... Póñoome en relación e en contacto con todas as cidades europeas, vou a Perugia, a Pistoia, a Parides, Bruxelas, Oslo, Estocolmo. E tamén, coa ponte americana, co grupo de cidades co topónimo Santiago. Foi unha época dunha grande intensidade cultural, política, institucional, humana, porque o factor humano inflúe moitísimo.

É dicir, que á parte da xestión tamén as relacións exteriores de Raxoi contaban moito?

Teño que dicilo, eu despachaba co Rei. Ía á Casa Real, á Zarzuela, a preparar a orde do día do Padroado. Decía: “Señor, está reticente para a convocatoria do Padroado Felipe González” – é verídico, está nas miñas memorias– e o Rei pedía que lle pasasen con Felipe González e solicitáballe que o convocase, porque ía ser Ano Santo, ía vir o Papa... Con Fraga, tiña unha relación espléndida. Cada mes e medio comía con el no Vilas. Tiña unha relación política con Felipe, con todo o staff de economía, tiña unha relación política directa, e tamén con Europa. Mitterrand cando veu aquí con quen quixo falar foi co alcalde de Santiago. Non por min, senón pola cidade.

Considera que esta xestión foi debidamente valorada?

Están os premios, os recoñecementos, pero tamén houbo a súa incompreensión, e forte. Como co Camiño, que nos dicían “Pero que nos contas aquí, con todos os problemas que hai?” Tamén cando se fixo peonil a cidade histórica, cando se levou a cabo a reforma fiscal e cando se deron de alta unha chea de pisos. Houbo unha certa incompreensión, de enfado,

ata se me acusou ata de certa altiveza, que ía pola rúa demasiado teso. Pero logo, chegada a hora da verdade, eu era unha persoa próxima cos cidadáns, e dábanme a maioría absoluta. Era unha relación de amor e reparo.

E que valoración fai vostede do seu paso pola alcaldía?

Eu estiven unha vez na Moncloa cunha enquisa do CIS sobre as persoas que tiñan tirón político en Galicia e eu era unha das que tiña máis. Cheguei a ter de valoración un 7,2. A min ofrecéronme ser candidato á Xunta, e non quixen, porque quería ser alcalde. Pero a cambio pedín unha cousa: o Auditorio. Mentres estiven no Concello tiñamos unha cesta de propostas. É dicir, anos antes de que xurdise a ocasión xa estabamos facendo proxectos. Non había que estar elaborándoos despois. Logo, cando reuniamos o Consorcio, a xente víalles coherencia aos proxectos. Queríamos rehabilitar a cidade histórica, e había un plan de rehabilitación, de arquitectura, de monumentos e por iso conseguimos que fosen aliados nosos os socios das tres administracións. Foron anos moi bonitos.

De que aspecto se sente máis orgulloso?

De todos os proxectos desenvolvidos quedo co Plan Xeral. Eu pensei que se non empezabamos polas infraestruturas, se non colocaba-

mos antes o periférico, creceríamos igual que o Ensanche. O primeiro foron as grandes infraestruturas, colocar en cada barrio un input que tirase das plusvalías: en Conxo, un hospital; arriba, o mercado de Gando; en San Lázaro, o campo de fútbol, e cada barrio tirando para arriba á beira do periférico. Iamos mettendo novas residencias, novos equipamentos, e rodeamos a cidade histórica de 600.000 metros cadrados de zonas verdes. Todo o que ves é Plan Xeral, no público e o privado. Vas a San Lázaro e tes Palacio de Congressos, campo de fútbol, edificios de sindicatos e zonas residenciais. Zonas residenciais que empezan agora no terreo de galletas Cuétara e o edificio do Sergas. Para arriba tes a zona industrial co tirón do mercado de gando. Non é a miña visión urbanística, senón dun equipo espléndido. Estou moi orgulloso.

E que cambiaría se puidese?

Tería marchado antes. Intenteino cando perdín a maioría absoluta. A última lexislatura foi dura, non tanto por non ter a maioría, senón porque estaba canso. Foron dezaseis anos nos que me involucrei en corpo e alma, e mereceu a pena. Para min, que non fun un político, senón alcalde de cidade, foi unha experiencia como arquitecto, como cidadán, como santiagués, excepcional. Coñecín cousas das grandezas e as miserias da cidade como ninguén. Porque estaba o chabolismo, en Conxo, na Almaciga, e como arquitecto foi poder levar a cabo o que pensaba. Foi satisfacción, pero tamén é verdade que o cansazo final era moi potente. Quizais lamento que me fallase a diplomacia. Cando un está sobrecargado de traballo, vénche alguén a incordiar e fáltache *fair play* para admitir a crítica. Non é ser fachendoso, senón cansazo. A primeira corporación recórdoa cun agarimo tremendo. Logo foron corporacións dialecticamente potentes, pero sempre mantiven un bo ton. As partes amargas esquécelas, porque se non, non sobrevives, afúndeste na amargura. Esquéceste e ata ris dos malos momentos, e podo dicir que gardo un magnífico recordo tanto das corporacións, como de Souto Paz, Marcial Castro e Viéitez Cortizo.



Inauguración do Periférico



Xosé A. Sánchez Bugallo

“A obriga dun Alcalde é administrar o presente e planificar o futuro”

Xosé A. Sánchez Bugallo acadou a alcaldía de Santiago de Compostela no ano 1998 e revalidou o seu mandato nas eleccións das tres convocatorias seguintes. Pero antes, como concelleiro, tivo responsabilidade en case que todas as áreas de Goberno o que lle da unha perspectiva e coñecemento extraordinario da cidade e das tarefas municipais. Non lle gustan as présas na xestión nin improvisar e prefire as cousas ben feitas porque “os erros en Compostela poden durar centos de anos”.

Como viviu a chegada da democracia e as primeiras eleccións municipais no ano 79?

Eu vivino de forma moi activa, posto que formei parte da candidatura socialista no ano 79 e traballei na coordinación daquela campaña electoral na que Xerardo Estévez era o cabeza de lista. Eran momentos dunha grande ilusión por transformar a sociedade e o ámbito da política municipal representaba o primeiro escano, o máis preto dos cidadáns. Sabiamos que non había medios pero tiñamos moitos proxectos e un extraordinario sentido da responsabilidade histórica que nos correspondeu vivir. Todo estaba por facer. Para min, no plano persoal, supuxo unha oportunidade de descubrir zonas da cidade que, a pesar de vivir dende ben pequeno en Santiago, non coñecía. De tocar a realidade viva da cidade, de avaliar as súas carencias e necesidades. Asuntos que hoxe semellarían tirados do terceiro mundo estaban ás portas de Compostela, nos barrios, nas rúas, mesmo nun núcleo histórico nun proceso de degradación que semellaba imparabile ou vivíamos coa carga dun Ensanche no que a especulación urbanística primaba sobre o hábitat e a calidade de vida. Percorremos todos os barrios, ata o máis pequeno currunchito habitado, e presentamos un programa electoral moi ambicioso, achegando solucións e ideas novidosas. Moitas daquelas, andando o tempo, foron as solucións que deron lugar á cidade que hoxe gozamos.

Na convocatoria do 79 Xerardo Estévez

non acadou a alcaldía. Desilusión?

Un pouco si. Nós estábamos convencidos de que íamos gañar. Especialmente Xerardo, porque o noso programa era o máis completo, o máis realista... A verdade é que era excesivo aínda que necesario. De vinte e cinco, os socialistas só conseguimos tres concelleiros. Daquela os orzamentos do Concello non daban para nada e Souto Paz, alcalde coa lista de UCD, fixo unha especie de gran coalición, sen ningún tipo de pacto, e agás os dous representantes do BN-PG os outros vinte e tres concelleiros asumiron algunha responsabilidade de goberno. Nós seguimos traballando, imaxinando un proxecto de cidade e na convocatoria do 83, co apoio de UCD, Xerardo Estévez acadou a alcaldía e eu entrei a formar parte do seu equipo como xefe de gabinete.

O 29 de abril do 1986, a UCD retirou a confianza a Estévez e presentou unha moción de censura. Tiveron que abandonar a alcaldía. Como viviu eses acontecementos?

Pois vivímolos como unha inxustiza bastante grande. Tamén é verdade que naquel momento a tradición política que había de mocións de censura era tan escasa que a de Santiago debeu ser a primeira da democracia en Galicia. Polo tanto non había precedentes nin para os que a presentaban nin para os que a recibiamos, e vímolos como unha inxustiza. Desde moitos aspectos resultaba incompreensible, porque había persoas que inicialmente apoiaran unha opción e, sen que sucedese nada politicamente relevante, de repente aparecían nunha posición contraria. Foi unha cuestión que nun primeiro momento levantou moitas suspicacias, desconfianzas, ruxeruxes... pero pasando o tempo comprobamos que a moción de censura, esencialmente, prexudicou aos que a presentaron. Máis lles valería ter un pouco de paciencia e esperar ás eleccións. En pouco máis dun ano perderon todo o crédito diante dos cidadáns e na convocatoria de 1987 o PSdeG-PSOE acadou a maioría absoluta e Xerardo Estévez volveu á Alcaldía para continuar ata a súa dimisión por vontade propia en xuño de 1998.

Cales son ao seu entender os momentos máis relevantes nestes 30 anos de historia

municipal democrática?

Hai un momento evidente que agora conmemoramos, o da constitución da primeira corporación democrática. Logo temos outros dous moi importantes para a transformación da cidade, que foron a aprobación dos plans xerais de ordenación municipal, porque neles definimos o modelo de cidade que queríamos, o concepto urbano que na actualidade é exemplo para outras moitas cidades do mundo. Chegar a ese modelo e á súa aprobación foron procesos enormemente complexos. O primeiro PXOU foi un camiño moi complicado e o segundo, o PXOM acabado de aprobar, foi bastante máis maduro, pero os dous foron actuacións moi decisivas para a nosa historia contemporánea. Outro momento importante foi a aprobación do Estatuto da Capitalidade, que se revelou como un tema de extraordinaria importancia para Santiago. Tamén convén salientar os Anos Santos, que dende o 93 veñen marcando feitos históricos na cidade, sobre todo ese primeiro que marcou as liñas de actuación e obtivo un resposta internacional sen precedentes para Santiago de Compostela e contribuíu ás recuperacións dos camiños de Santiago. Nos Anos Santos do 99 e do 2004 afondamos nesas ideas conseguindo a desestacionalización do turismo, o completado da infraestruturas e equipamentos, e poñendo en marcha novos retos. E por suposto a Capitalidade Europea do ano 2000 foi un momento extraordinariamente importante porque Compostela se afirmou como a imaxe de Galicia no mundo. Tampouco podemos esquecer o momento no que na UNESCO nos concedeu o título de Patrimonio da Humanidade, nin outros moitos recoñecementos nacionais e internacionais recibidos.

Dende 1987, vostede pasou por case que todas as responsabilidades de goberno. En cal dos ámbitos da política municipal tense sentido máis a gusto?

Gustoume poder coñecer e desempeñar todas elas, pero loxicamente o que máis enche é ser alcalde porque é a máis completa, non teño a máis mínima dúbida. Síntome moi contento de poder ter esta responsabilidade e trato de facelo o mellor posible, nunca se pode contentar a todos porque non hai medios para facelo e moitas veces non todo o mundo ten razón, pero simplemente

a posibilidade de intentalo e ir deseñando e construíndo unha cidade que ten moito que ver coas inxerencias e preocupacións propias, xa paga a pena. Unha cidade que procuramos que sexa solidaria, que sexa amable, que estea chea de zonas verdes, equipamentos como centros socioculturais e escolas infantís, parques, instalacións deportivas, bos colexios e boas infraestruturas de comunicacións... é un motivo de satisfacción para todos nós. Eu quero para a miña cidade a calidade de vida que eu desexo para min mesmo. Facelo posible, coa responsabilidade que implica, é tamén unha gran satisfacción.

Agardaba vostede ser o sucesor de Xerardo Estévez?

Pois non, todo aquel cambio me colleu moi de sorpresa. Primeiro porque eu non esperaba a renuncia de Xerardo e en segundo lugar porque sempre me imaxinei máis na rebotica que despatchando. Tanto é así, que intentei convencer a outro compañeiro de corporación para que aceptase ser alcalde pero negouse. Finalmente me decidín a dar o paso.

Cóntao como se fose un sacrificio. Foi un paso duro?

Ser alcalde ten moito de sacrificio persoal. Esixe



Intervención no Consello de Europa

unha gran dedicación e soportar unha gran responsabilidade as vinte e catro horas do día os trescentos sesenta e cinco días do ano. Para min foi duro, porque eu sempre fun unha persoa moi amante da privacidade, e no ámbito no que máis perdín foi no da liberdade persoal, ese foi un condicionante moi grande. O tema institucional e protocolario, que ao principio me resultaba moi pouco atractivo, ao final encaixei sen problema e foise desenvolvendo con normalidade. Non podo negar que hoxe teño unha gran satisfacción por desempeñar este traballo, por ter dado o paso.

Que diferenzas hai entre o Concello herdado e o actual?

En primeiro lugar, eu creo que en Santiago non houbo unha ruptura nestes últimos 26 anos senón que houbo unha continuidade, e polo tanto o Concello que collemos no ano 87 –porque o 83 foi un mandato de moi boas intencións, pero de escasas realizacións– era un Concello que tiña como única zona verde a Alameda e como instalacións deportivas só contabamos con Santa Isabel. E de ter un só parque e un só centro deportivo e nin un só centro sociocultural pasamos á situación actual na que temos case 20 polideportivos, dúcias de parques con case dous millóns de metros cadrados, máis de 40 centros socioculturais... iso expresa

unha magnitude de cambio absolutamente espectacular. Creo que é unha transformación enorme na vida da cidade. Cando empezamos e cando nos comentaban que Londres tiña 12 m² de zona verde por habitante, a nós parecíanos unha fantasía. Hoxe nós temos máis de 20 m² e dobramos a Londres, así que o camiño percorrido é inmenso... e co novo Plan Xeral acabaremos tendo máis de 30 m² por habitante. Isto so é un exemplo do feito. Non hai máis que comparar as fotos de hai trinta ou vinte anos coa realidade do presente. Os que afirman que a cidade non cambiou deben estar cegos ou teñen o reloxo parado.

Cales son as propostas políticas feitas dende o seu Goberno?

Creo que os grandes esforzos feitos nos meus mandatos, e que agardo que se vexan coroados polo éxito, van dirixidos fundamentalmente ás políticas de vivenda, que teñen como obxectivo facilitar que a poboación que vén a Santiago se estableza na cidade, as grandes infraestruturas de acceso e o solo industrial. Porque estas políticas son fundamentais para a sustentabilidade da cidade. Calquera que bote unha ollada pola Choupana, Santa Marta, Conxo, O Castiñeirío, San Lázaro ou Meixonfrío verá que esta cidade está inmersa nun proceso de transformación espectacular. Estamos a asistir ao nacemento dunha nova cidade espléndida, unha cidade ben construída, con dotacións, equipamentos e servizos. Temos dous parques empresariais inaugurados e estamos traballando noutros catro que van transformar as posibilidades de traballar aquí. E seguimos mantendo a política de rehabilitación do núcleo histórico a pesar das dificultades que ten. E imos ampliando esa política a novas zonas coas declaracións dos ARIS en Vista Alegre e A Pontepedriña, que espero que no sucesivo se vaia estendendo cara ao conxunto da cidade. E sobre todo, trato de facer o máis importante que hai que facer na vida municipal: xestionar o presente e planificar o futuro. Neste senso, hai dous elementos que quedan aí como avais: o Plan Estratégico e o novo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, que desegnan a cidade do ano 2020. Santiago é un dos escasísimos concellos de Galicia que ten un Plan Xeral adaptado á lei, e unha perspectiva trazada de que modelo de cidade queremos ter no futuro. Un modelo que non rompe co que estamos a falar senón que se consolida e eleva para lograr unha cidade compacta, integrada, con amplas dotacións, equipamentos, servizos, zonas verdes e respectuosa coa conservación do medio ambiente.

E cales son os proxectos de futuro máis ilusionantes?

Por exemplo o AVE, que vai ser o proxecto que máis vai contribuír a transformar a vida da cidade. Vai ter unha influencia decisiva porque consolida a Santiago como punto nodal das comunicacións de Galicia. Vai supoñer un cambio que hoxe é difícil de imaxinar. Máis alá de que chegue en 2012, como esperamos, ou en 2013, ou en 2014 –porque tampouco vexo ningunha razón para que se demore máis diso– é evidente que Santiago quedará convertido no punto central das comunicacións entre todas as cidades de Galicia, a 25 minutos de Coruña, a 35 de Vigo, a 21 de Ourense, a dúas horas e media de Madrid... Iso vai ser un cambio radical. Hai que entender que Santiago de Compostela tiña cinco estacións de tren: A Susana, Laraño, Berdía, A Sionlla e a estación actual. E mesmo chegamos a ter seis estacións cando aínda funcionaba a de Cornes. Agora, para o AVE prográmanse catro estacións en toda Galicia e en realidade estacións AVE de verdade só dúas, que son Ourense e Santiago. Iso vai supoñer unha revolución que converterá a nosa cidade no punto central de comunicacións



Día da Árbore cos nenos

da comunidade autónoma. Isto unido ás autovías que se abriron cara á Estrada, ao Barbanza, a Noia, a Ourense, e cara a Lugo... todo conflúe para converter a Santiago nese punto nodal. E o deseño das grandes áreas empresariais ten moito que ver con ese papel que pensamos que vai cumprir a cidade. Nun momento coma este, dunha certa recesión económica atopámonos no mellor intre para construír esas áreas industriais e telas listas para cando chegue a expansión e estar preparados para progresar.

Cumprirá todos eses propósitos?

A min gustaríame realizalos todos mentres os cidadáns me outorguen a confianza, pero a partir de aí eu teño unha teoría que todos os que traballan comigo coñecen. Eu digo que é preferible que determinadas cousas tarden un pouco máis e que se fagan ben, que actuar precipitadamente ao prezo de facelas mal. Nunha cidade coma esta, con máis de 1.200 anos de historia, o mal feito tende a durar moito tempo. Mire canto está a custar desfacer os erros da urbanización do Ensanche ou do abandono que padeceu a cidade histórica durante décadas. Un exemplo presente é a estación do AVE, non podemos permitir unha solución deficiente porque quedará aí e deberá darlle servizo á cidade do futuro durante décadas. É preferible tardar dous ou tres anos máis, aínda que iso implicara que non me correspondera a min a honra de poñela en funcionamento. Cousa que si agardo facer. De calquera xeito, Compostela é unha cidade viva en permanente crecemento e polo tanto ningún alcalde deberá dala por concluída. Sería un mal síntoma.



Visítanos

XXX ANIVERSARIO DAS CORPORACIÓNS DEMOCRÁTICAS

Sábado 18

Xornada de Portas Abertas na Casa das Asociacións (antiga estación de tren de Cornes).

Haberá xogos inchables (de 12 a 14 h. e de 17 a 19 h.), exposicións e outras actividades.

19.00 h.

INAUGURACIÓN OFICIAL da Casa das Asociacións.

Luns 20 e martes 21

De 10.00 h. a 13.00 h.

Xornadas de Portas Abertas para alumnado de Primaria.

De 16.00 h. a 19.00 h.

Xornadas de Portas Abertas ao público xeral.

Martes 21

18.00 h.

Pleno municipal con alumnado do IES Antón Fraguas.

Mércores 22


19.00 h.

O alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe as corporacións democráticas desde 1979 a 2007. Recoñecemento aos alcaldes do Concello de Santiago desde 1979.

Xoves 23

20.00 h.

Presentación do libro *La vida musical en Santiago a finais del siglo XIX* no Auditorio do Museo do Pobo Galego. Actuación musical.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**